



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 42/2012

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos adestradores, clubs e atletas

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

SOLICITUDE DE PRAZAS PARA O CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA. CURSO ACADÉMICO 2012/13

Todos aqueles atletas interesados en optar a unha praza para o **Centro Galego de Tecnificación Deportiva** na vindeira tempada 2012/13 deberán presentar o modelo de solicitude que se adxunta neste documento xunto ao seu currículo deportivo antes das 18:00 horas do día **8 de xuño** na Federación Galega de Atletismo.

Lembramos que tódolos atletas que fosen finalmente admitidos deberán seguir vinculados ao longo de dous anos co club de orixe, salvo acordo mutuo entre o atleta e o club.

A FGA, unha vez recibidas tódalas solicitudes emitirá unha proposta á Dirección do CGTD.

Requisitos

Unha vez publicada a normativa de admisión de atletas no CGTD para a ocupación de prazas para a vindeira tempada 2012/13. Os perfiles de prazas que se convocan son os seguintes:

TIPOS DE PRAZA:

4.1. **Para o grupo de Tecnificación:** deportistas que fagan 15, 16, 17 ou 18 anos no 2013 (nados nos anos 1995, 1996, 1997 e 1998).

Praza de Residente: residentes fóra do Concello de Pontevedra.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento e manutención completa na residencia, servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.

Praza de Externo 1: residentes no Concello de Pontevedra.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

4.2. **Para o grupo de Rendemento:** deportistas que fagan de 19 a 25 anos no 2013 (do ano 1988 ao 1994).

Praza de Externo 2:

Seguindo esta orde de prioridades ata cubrir as 30 prazas ofertadas

1º) Para deportistas participantes no Cto. do Mundo ou de Europa nos anos 2011 ou 2012.

2º) Para deportistas que estean entre os 2 primeiros postos do ranking nacional da súa categoría na presente tempada 2011/12.

3º) Para deportistas campións ou subcampións de España na súa modalidade no ano 2012.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Élite: para deportistas con participación nos últimos XXOO, Xogos Paralímpicos, Ctos. do Mundo ou de Europa de categoría absoluta, e/ou que estean entre os 2 primeiros postos do ranking nacional na presente tempada 2011/12.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo 3: para deportistas maiores de idade.

- Que quedaran nos postos 3º ou 4º no Campionato de España do ano 2012 ou que ocupen estas posición no ranking nacional na presente tempada 2011/12.

- que xustifiquen ter a condición de DGAN e/ou DAN en vigor.

Beneficios da praza: instalación deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

OUTROS DATOS DE INTERESE

- Poderán concorrer a esta convocatoria tódolos/as deportistas que reúnan os requisitos establecidos nas bases publicadas polo CGTD e que pertencen a algunha das federacións deportivas galegas con autorización vixente para desenvolver o seu programa de tecnificación deportiva nas instalacións do centro.

- A Secretaría Xeral para o Deporte reservase a posibilidade de cubrir ou non a totalidade das prazas ofertadas, en función do grao de cumprimento dos requisitos propostos para cada perfil.

- Unha comisión fará unha valoración das solicitudes presentadas en relación a tres aspectos fundamentais: deportivo, académico e socio-económico.

RESPONSABLE DA F.G.A. DO PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN 2012/13

D. Ramón Magariños



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

MODELO SOLICIUTDE

(CUBRIR CON LETRA MAIÚSCULA)

APELIDOS	
NOME	
DATA NACEMENTO	/ / LUGAR NACTO:
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
PROVINCIA	
CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FIXO: MÓBIL:
EMAIL	
Sinalar se é unha renovación de praza ou se é nova solicitude.	
Nome e apelidos do adestrador actual	
Club actual do atleta	
Estudios feitos no curso 2011/12	
Estudios a facer no curso 2012/13	
Modalidade atlética practicada	
Mellores marcas realizadas na tempada 2011/12	
Tipo de praza : Sinalar según a convocatoria	
PARA FORMALIZAR A SUA SOLICITUDE DEBE REMITIR POR CORREO ORDINARIO OS SEGUINTE DATOS ANTES DO 8 DE XUÑO:	
☞ Curriculum deportivo tempada 2011/12	
☞ Expediente académico curso 2011/12	
☞ Informe da situación socio-económica e interese en acudir ao CGTD	
A At. Víctor Arufe	
Federación Galega de Atletismo	
Avda de Glasgow, 13 Complexo Deportivo de Elviña - 15008 A Coruña	
Fax: 981292056	

Na Coruña a 31 de maio do 2012
Asdo. Victor Arufe Giráldez
Secretario Xeral FGA
Victor Arufe Giraldez